

Produto interior bruto

A análise dos datos do PIB debe comezar subliñando o efecto da nova revisión dos datos de PIB comunicada na última Contabilidade Nacional Trimestral do pasado mes de setembro, revisión que afecta aos datos de PIB do ano 2015 e posteriores. Pese a non supoñer unha diferenza substancial con respecto aos datos manexados ata o de agora, cómpre indicar que, en termos xerais, rexístrouse un crecemento máis intenso a nivel estatal do asumido ata agora para o ano 2015 e o primeiro semestre de 2016, e inferior ao recollido ata agora para o segundo semestre de 2016 e para o ano 2017. No que respecta a Galicia, e pese a algunha pequena variación trimestral nos anos 2016 e 2017, os valores anuais para o PIB deses anos permanecen como ata agora, rexistrándose pola contra un incremento de 3 décimas sobre o anteriormente estipulado para o ano 2015.


Xa no que se refire ao segundo trimestre de 2018, tanto o PIB estatal como o PIB galego incrementáronse nun 0,6%, o que no caso do PIB galego supón unha décima menos que no trimestre anterior. Isto leva a unha redución de tres décimas na variación interanual do PIB ata o 2,8%, que é o valor máis baixo desta variable nos últimos 11 trimestres. A variación interanual do PIB estatal fica no 2,5%. O avance da previsión do PIB estatal para o terceiro trimestre do ano prevé unha repetición dos valores rexistrados no trimestre anterior (0,6% no trimestre, 2,5% interanual).

O gráfico representa a evolución dos PIB galego e estatal dos últimos 26 trimestres. Nel, pode apreciarse que en seis dos últimos oito trimestres, o PIB galego incrementouse por riba da media estatal e que, tras acadar valores máximos consistentemente por riba do 3 por cento ao longo dos últimos anos en Galicia, a evolución do PIB estatal e os datos de crecemento intertrimestral rexistrados parecen indicar que nos diriximos a nunha época de crecemento menos robusto.

Variación interanual porcentual del PIB (Índices de volumen encadenados, referencia año 2010=100. Datos corregidos de estacionalidad y calendario) Galicia-España 2012-2017 (*)

	% (T/T-4)	2012	2013	2014	2015	2016	2017	1T15	2T15	3T15	4T15	1T16	2T16	3T16	4T16	1T17	2T17	3T17	4T17	1T18	2T18
Galicia		-3,2	-0,4	1,3	2,4	3,1	3,1	1,6	2,5	2,5	3	3,1	3	3,3	3,1	3	3,2	3,1	3,1	3,1	2,8
España		-2,9	-1,7	1,4	3,6	3,2	3,0	2,9	3,4	3,6	3,8	3,8	3,5	3,2	2,3	2,7	3,3	2,7	3,2	2,8	2,5

Fuentes: INE (Contabilidad Nacional Trimestral), IGE



Poboación activa, paro rexistrado, contratación e afiliación á Seguridade Social

No terceiro trimestre de 2018, a Enquisa de Poboación Activa (EPA) sinala que en Galicia diminuíu a poboación activa en -4.800 persoas respecto do mesmo trimestre do ano anterior (tamén reduciuse a poboación respecto do segundo trimestre, neste caso en -1.400 persoas), o que supón unha redución da poboación activa do -0,4% nos últimos 12 meses. Este dato negativo está en liña coa tendencia xeral de decrecemento da poboación activa en Galicia, cun descenso de máis de 77.000 persoas activas desde o valor máximo desta variable, acadado no ano 2008, coincidindo co comezo da crise. É dicir, a poboación activa galega reduciuse un -5,8% na última década. Nese período, a poboación activa española reduciuse no -0,3%.

Segundo os datos da EPA, a ocupación e o paro amosaron unha tendencia máis positiva. Así, o número de ocupados incrementouse en 24.000 persoas nos últimos doce meses (20.700 respecto do trimestre anterior). Deste xeito, o número de galegos e galegas ocupados alcanza o 1.096.500, dato que leva a taxa de ocupación ata o 47,0%. Respecto do paro, o número de galegos e galegas en paro neste trimestre foi de 153.000, cunha redución interanual de -28.700 persoas, e de -22.100 respecto do trimestre anterior. Así, a EPA fixa a taxa de paro en Galicia nun 12,2% da poboación activa. Esta taxa é inferior en -2,3 puntos porcentuais á rexistrada no conxunto de España, e en -1,8 puntos porcentuais á rexistrada no trimestre anterior.

Valores Poboación Activa Galicia-España 3º Trimestre 2018

	Trimestre actual	Variación trimestre anterior		Variación mesmo trimestre ano anterior	
		Diferencia	Porcentaxe	Diferencia	Porcentaxe
Galicia	1.249,4	-1,4	-0,1	-4,8	-0,4
España	22.854,0	19,8	0,1	73,0	0,3

Fonte: Enquisa de Poboación Activa - INE (datos en miles)

O paro rexistrado diminuíu en -3.745 persoas entre os meses de xullo, agosto e setembro, a pesares de que o dato para o mes de agosto, cun aumento de 1.102 persoas, foi o peor rexistrado nos últimos sete anos. A variación do desemprego en termos interanuais segue a indicar un descenso constante do paro rexistrado, que para estes meses oscila entre o 9,2% e o 10,1%.

Unha observación máis polo miúdo dos datos indica que a redución do paro rexistrado foi máis intensa entre os homes, con descensos do paro rexistrado na contorna do -12,5% fronte ao -7,5% para as mulleres. Por sectores de actividade, os sectores agrícola, pesqueiro e da construción foron os que amosaron un mellor comportamento, con descensos do paro rexistrado nos tres meses, seguidos da industria e os servizos. Neste último sector, o descenso do paro rexistrado en termos interanuais foi menos intenso que o do conxunto dos sectores. Con todo, e tamén en termos interanuais, todos os sectores, incluído o de persoas sen emprego anterior, amosan reducións do paro rexistrado superiores ao -7% para cada mes do trimestre. Xa para rematar, e aínda que o grupo de persoas traballadoras de 45 ou máis anos foi o que tivo mellor comportamento mes a mes, tamén é o grupo no que menos descendeu o paro en termos interanuais (descensos ao redor do -8% fronte a descensos de entre -10,5% e -12,5% no resto de grupos de idade).

Paro rexistrado en Galicia por xénero, idade e sector, 3º Trimestre 2018

3T2018	Mes actual			variación mes anterior			%variación mes anterior			variación mes ano anterior			%variación mes ano anterior		
	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro
TOTAL	163.412	164.424	166.320	-6.653	1.012	1.896	-3,9%	0,6%	1,2%	-18.459	-16.701	-17.737	-10,1%	-9,2%	-9,6%
Homes	68.078	68.245	68.684	-3.727	167	439	-5,2%	0,2%	0,6%	-10.345	-9.279	-9.659	-13,2%	-12,0%	-12,3%
Mulleres	95.334	96.179	97.636	-2.926	845	1.457	-3,0%	0,9%	1,5%	-8.114	-7.422	-8.078	-7,8%	-7,2%	-7,6%
<30 anos	19.696	20.339	21.393	-1.175	643	1.054	-5,6%	3,3%	5,2%	-2.731	-2.375	-2.664	-12,2%	-10,5%	-11,1%
entre 30 e 44 anos	55.010	55.604	56.109	-2.497	594	505	-4,3%	1,1%	0,9%	-7.732	-6.811	-7.288	-12,3%	-10,9%	-11,5%
>44 anos	88.706	88.481	88.818	-2.981	-225	337	-3,3%	-0,3%	0,4%	-7.996	-7.515	-7.785	-8,3%	-7,8%	-8,1%
Agricultura e Pesca	5.580	5.531	5.261	-594	-49	-270	-9,6%	-0,9%	-4,9%	-776	-550	-1.180	-12,2%	-9,0%	-18,3%
Industria	18.303	18.753	18.733	-912	450	-20	-4,8%	2,5%	-0,1%	-2.660	-2.182	-2.507	-12,7%	-10,4%	-11,8%
Construción	14.568	14.221	13.978	-738	-347	-243	-4,8%	-2,4%	-1,7%	-3.739	-3.695	-3.455	-20,4%	-20,6%	-19,8%
Servizos	109.962	111.096	113.319	-4.214	1.134	2.223	-3,7%	1,0%	2,0%	-10.202	-8.825	-9.218	-8,5%	-7,4%	-7,5%
Sen emprego anterior	14.999	14.823	15.029	-195	-176	206	-1,3%	-1,2%	1,4%	-1.317	-1.449	-1.377	-8,1%	-8,9%	-8,4%

Fonte: Boletín Mensual do Paro rexistrado , Consellería de Economía, Emprego e Industria, Xunta de Galicia

No que atinxe á contratación, no terceiro trimestre do ano asináronse 315.103 contratos novos en Galicia, que supoñen un incremento do 11,7% fronte ao segundo trimestre, e dun 5,2% respecto do terceiro trimestre de 2017. No que atinxe á comparación co trimestre anterior, o incremento de contratos asinados apréciase en todos os sectores de actividade excepto na construción, destacando o incremento na agricultura (56,4% máis). No que se refire ao tipo de contrato asinado, e en termos intertrimestrais, os que menos se incrementan son os contratos indefinidos, unha tendencia que é a oposta a que se observa en termos interanuais, nos que se rexistra un crecemento importante deste tipo de contratos (un terzo máis de contratos indefinidos que no mesmo trimestre de 2017) fronte a un crecemento moito máis modesto dos contratos temporais, e mesmo diminucións do número de contratos en prácticas / formación, e e os denominados Outros. Para rematar, a tendencia de contratación por sexos reflicte que o incremento na contratación afectou de xeito máis intenso ás mulleres, a diferenza do que viña acontecendo en trimestres anteriores. De tódolos xeitos, pese a que tanto en termos intertrimestrais como interanuais o incremento respecto ao intervalo temporal previo foi maior entre o sexo feminino, no terceiro trimestre de 2018 asináronse un 10,1% máis contratos de traballo novos con homes que con mulleres.

Datos contratación en Galicia por xénero, idade, tipo de contrato e sector, 3º Trimestre 2018

3T2018	Trimestre actual	Var. trimestre anterior	%Var. trimestre anterior	Var. trimestre ano anterior	%Var. trimestre ano anterior
	315.103	33.057	11,7%	15.436	5,2%
Homes	165.132	14.433	9,6%	7.707	4,9%
Mulleres	149.971	18.624	14,2%	7.729	5,4%
<30 anos	108.804	17.509	19,2%	4.656	4,5%
entre 30 e 44 anos	127.635	8.638	7,3%	3.717	3,0%
>44 anos	78.664	6.910	9,6%	7.063	9,9%
Indefinido	26.518	1.782	7,2%	6.667	33,6%
Temporal	283.282	30.253	12,0%	9.826	3,6%
Prácticas / Formación	2.483	627	33,8%	-107	-4,1%
Outros	2.820	395	16,3%	-950	-25,2%
Agricultura e Pesca	11.490	4.145	56,4%	623	5,7%
Industria	43.590	2.687	6,6%	1.609	3,8%
Construción	11.933	-1.081	-8,3%	-304	-2,5%
Servizos	248.090	27.306	12,4%	13.508	5,8%

Fonte: Boletín Mensual de Contratación , Consellería de Economía, Emprego e Industria

Segundo os datos da Tesourería Xeral da Seguridade Social sobre a media de persoas afiliadas no terceiro trimestre, a tendencia á alza das afiliacións decreceu lixeiramente en xullo respecto dos meses anteriores, e o fixo con máis intensidade nos meses de agosto e setembro, con valores negativos de afiliación mes a mes nesos dous meses. A nivel nacional rexistrouse un crecemento modesto da afiliación en xuño e setembro, e un decrecemento intenso -por riba do -1%- en agosto. As tendencias foron máis similares en termos interanuais, observándose un lixeiro decrecemento no trimestre tanto no ámbito galego como no estatal, se ben a nivel galego o incremento interanual da afiliación é lixeiramente máis intenso que o rexistrado no 2017 por estas datas, mentres que, a nivel estatal, o dito incremento interanual é menos intenso do que o era ao rematar o 3º trimestre de 2017.

Datos de Afiliación á Seguridade Social Galicia-España, 3º Trim. 2018

Galicia España	Afiliacións medias 3º Trim. 2018			Variacións											
				mes anterior						interanual					
	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro
Galicia	1.021.546	1.020.387	1.013.888	15.047	-1.159	-6.499	1,49%	-0,11%	-0,64%	24.948	21.496	21.630	2,50%	2,10%	2,12%
España	19.042.810	18.839.814	18.862.713	35.820	-202.996	22.899	0,19%	-1,07%	0,12%	553.481	529.970	526.552	2,99%	2,78%	2,79%

Fonte: IGE Informe de afiliación á seguridade social (segundo datos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social)

Sinistralidade

No primeiro semestre de 2018 os accidentes laborais con baixa incrementáronse o 3,9% respecto do primeiro semestre de 2017. Os que máis aumentaron foron os accidentes graves (un 13,8%), mentres que os accidentes mortais seguen a reducirse (descenso dun -24%).

Por sectores de actividade, o incremento da sinistralidade pode adxudicarse ao comportamento da construción e a industria, nos que os accidentes leves incrementáronse entre un 9% e un 10%. Os accidentes graves aumentaron en todos os sectores salvo o da industria, sendo precisamente ese sector o único no cal incrementouse o número de accidentes mortais.

Por índices de incidencia tamén se observa incremento da sinistralidade, pero en menor medida, con descensos apreciables nos sectores pesqueiro e de servizos, e incrementos de similar envergadura no resto de sectores.

Accidentes laborais con baixa en xornada de traballo por sectores de actividade e gravidade. Galicia, Xaneiro-Xuño 2017-2018

	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2017	2018	% Var	2017	2018	% Var	2017	2018	% Var	2017	2018	% Var
Agricultura	552	551	-0,2	23	32	39,1	2	2	0,0	577	585	1,4
Pesca	492	469	-4,7	18	20	11,1	5	1	-80,0	515	490	-4,9
Industria	3.871	4.223	9,1	46	51	10,9	3	1	-66,7	3.920	4.275	9,1
Construción	1.436	1.578	9,9	38	51	34,2	8	7	-12,5	1.482	1.636	10,4
Servizos	6.290	6.303	0,2	71	69	-2,8	7	8	14,3	6.368	6.380	0,2
Total	12.641	13.124	3,8	196	223	13,8	25	19	-24,0	12.862	13.366	3,9

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria. ISSGA.

Índices de incidencia por sectores de actividade e gravidade. Galicia, Xaneiro-Xuño 2017-2018

	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2017	2018	% Var	2017	2018	% Var	2017	2018	% Var	2017	2018	% Var
Agricultura	1765,6	1782,3	0,9	73,6	103,5	40,7	6,4	6,5	1,1	1845,5	1892,3	2,5
Pesca	2669,3	2543,7	-4,7	97,7	108,5	11,1	27,1	5,4	-80,0	2794,1	2657,6	-4,9
Industria	3081,2	3224,6	4,7	36,6	38,9	6,4	2,4	0,8	-68,2	3120,2	3264,3	4,6
Construción	2958,1	3038,9	2,7	78,3	98,2	25,5	16,5	13,5	-18,2	3052,9	3150,6	3,2
Servizos	1106,7	1073,9	-3,0	12,5	11,8	-5,8	1,2	1,4	10,6	1120,4	1087,0	-3,0
Total	1595,6	1602,1	0,4	24,7	27,2	10,0	3,2	2,3	-26,6	1623,5	1631,7	0,5

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria. ISSGA.

Conflitividade

Segundo os datos provisionais facilitados polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social no primeiro semestre de 2018, en Galicia leváronse a cabo 31 folgas, o que supón un descenso dun -17,9% fronte ás rexistradas no mesmo período do ano anterior. Se nos fixamos na repercusión destes conflitos en función das persoas traballadoras que participaron neles, vemos que tamén se produciu un descenso, neste caso un -65,1%. Esta acusada tendencia descendente tamén se observa no número de xornadas non traballadas, que se reduciu nun -26,9% total de xornadas de traballo perdidas no primeiro semestre do ano respecto ao do 2017. A nivel estatal, a conflitividade reduciuse tendo en conta o número de folgas, pero non o fixo respecto das persoas traballadoras participantes ou o número de horas non traballadas, que se incrementaron de xeito significativo. Compre sinalar que neste análise non se están a incluír os efectos da folga xeral que tivo lugar o pasado 8 de marzo, tal e como se explica no cadro que se achega.

Folgas realizadas, traballadores participantes e xornadas non traballadas Galicia-España Xaneiro-Xuño 2018

	Folgas		Traballadores participantes		Xornadas non traballadas	
	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período ano anterior
Galicia	31	-12	7.138	-13.319	27.361	-10.045
España	391	-37	177.268	55.153	345.114	85.063

Estadística de folgas e peches patronais. Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

(datos provisionais)

O pasado 08/03/2018 tivo lugar unha folga xeral con 2.541.978 traballadores participantes e 721.954 xornadas non traballadas (datos en revisión, non incluídos).

Expedientes de regulación de emprego

Os últimos datos dispoñibles na páxina web da Consellería de Economía, Emprego e Industria sobre Expedientes de regulación de emprego corresponden a marzo de 2018, datos que xa foron recollidos na edición anterior deste Boletín.

O análise da *Estadística de Regulación de Emprego* publicada polo Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social recolle datos estatísticos actualizados ata o mes de agosto de 2018. Se ben no recolle datos por número de expediente e Comunidade Autónoma que permitan un cotexo máis directo cos facilitados regularmente pola Consellería de Emprego e Industria, si que inclúe datos por traballadores afectados e tipo de expediente de regulación de emprego. Para todos eles, obsérvase en Galicia un descenso do número de persoas traballadoras afectadas dun -16,2% entre os meses de xaneiro e agosto con respecto do mesmo período do ano 2017. As persoas traballadoras afectadas por expedientes de redución de xornada reducíronse en máis da metade (-52,4%), mentres que os e as afectadas por expedientes de suspensión de contratos baixaron un -14,2%, e un -11,1% no caso dos expedientes por despedimentos colectivos. Nos tres casos, o descenso rexistrado mellora os datos a nivel estatal, especialmente no caso das persoas afectadas por suspensión de contratos, grupo no que se rexistrou un aumento de persoas traballadoras afectadas do 23,7%. A nivel estatal, o aumento de persoas afectadas por ERE de calquera modalidade foi do 0,3%.

Custos laborais e salariais

O valor medio do custo laboral por persoa traballadora e mes incrementouse por sexto trimestre consecutivo, cun aumento do 1,9% en termos interanuais no segundo trimestre, segundo a *Encuesta Trimestral de Coste Laboral* do INE, acadando un total de 2.301,9€. O valor medio do custo salarial, pola súa banda, tamén aumentou por sexto trimestre consecutivo ata os 1.699,6€, o que supón un incremento do 2,2% en termos interanuais. O aumento nos custos laborais e salariais interanuais no segundo trimestre fan de Galicia a cuarta Comunidade autónoma na que máis se incrementaron estas variables, por detrás, nos dous casos, de Cantabria, Navarra e Illas Baleares.

En canto aos custos por hora efectiva, no segundo trimestre de 2018 rexistrouse diminucións en cómputo interanual tanto no custo laboral por hora efectiva (-1,2%) como no custo salarial por hora efectiva (-0,9%). Tomando como referencia a hora efectiva, tanto os custos laborais como os salariais diminuíron menos do que o fixo a media estatal en termos interanuais.

Custos laborais e salariais. Galicia. 2012-2018

	Custo laboral por persoa traballadora e mes		Custo laboral por hora efectiva		Custo salarial por persoa traballadora e mes		Custo salarial por hora efectiva	
	Euros	%var. int.	Euros	%var. int.	Euros	%var. int.	Euros	%var. int.
2012	2.206,2	-2,6	-----	-----	1.618,1	-3,1	-----	-----
2013	2.260,2	2,4	-----	-----	1.656,0	2,3	-----	-----
2014	2.261,4	0,0	-----	-----	1.654,0	0,0	-----	-----
2015	2.246,2	-0,7	17,2	0,3	1.649,0	-0,3	12,6	0,8
2016	2.248,3	0,1	17,4	1,3	1.655,0	0,4	12,8	1,5
2017	2.288,9	1,8	17,7	1,4	1.687,4	1,4	13,0	1,6
1T15	2.175,0	0,2	16,1	1,8	1.582,0	0,6	11,7	2,4
2T15	2.249,0	-2,1	16,7	-2,2	1.635,8	-2,2	12,2	-2,2
3T15	2.196,2	-0,4	17,5	-0,2	1.601,9	0,0	12,8	0,2
4T15	2.370,6	-0,3	18,3	1,9	1.775,8	0,4	13,7	2,7
1T16	2.203,1	1,3	16,8	4,3	1.596,2	0,9	12,2	3,7
2T16	2.232,7	-0,5	16,4	-1,9	1.640,6	0,3	12,0	-1,2
3T16	2.213,6	0,8	18,0	2,7	1.624,0	1,4	13,2	3,3
4T16	2.343,7	-1,4	18,3	-0,1	1.759,1	-0,9	13,8	0,1
1T17	2.209,8	0,3	16,1	-4,2	1.610,0	0,9	11,7	-3,6
2T17	2.259,7	1,2	17,1	4,3	1.662,6	1,3	12,6	4,4
3T17	2.258,4	2,0	18,4	2,3	1.651,6	1,7	13,4	2,0
4T17	2.427,6	3,6	19,0	3,8	1.825,5	3,8	14,3	4,0
1T18	2.245,6	1,6	17,0	5,4	1.630,8	1,3	12,3	5,0
2T18	2.301,9	1,9	16,9	-1,2	1.699,6	2,2	12,4	-0,9

Fonte: INE (*Encuesta trimestral de coste laboral*)

Sociedades mercantís constituídas e disolvidas e ampliacións de capital

No terceiro trimestre do ano constituíronse 798 sociedades mercantís en Galicia, é dicir, reduciuse en -343 en comparación co trimestre anterior e en -32 respecto ao mesmo trimestre do ano 2017. O capital medio subscrito nas sociedades constituídas no terceiro trimestre tamén diminuíu de xeito significativo respecto ao segundo trimestre do ano.

As sociedades que ampliaron capital, pola súa parte, e pese a diminuír tamén de xeito importante fronte ao segundo trimestre, ampliaron capital de xeito máis intenso, e aínda máis respecto do terceiro trimestre de 2017.

Sociedades mercantís creadas ou que amplían capital, 3º Trimestre 2018

	Dato do trimestre		Var. absoluta núm. sociedades constituídas respecto ao trimestre pasado	%variación de capital respecto ao trimestre pasado	Var. absoluta núm. sociedades respecto mesmo trimestre do ano pasado	%variación de capital respecto ao mesmo trimestre do ano pasado
	Núm. sociedades	Capital (miles €)				
Sociedades constituídas	798	13.275,2	-343	-44,8%	-32	-6,1%
Sociedades que ampliaron capital	271	95.667,5	-23	5,8%	2	58,1%

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

Sociedades mercantís disoltas ou que reducen capital, 3º Trimestre 2018

	3T18	2T18	3T17
Sociedades disoltas	176	243	218
Sociedades que redución capital	56	59	55
Sociedades en situación concursal	45	56	47

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

No terceiro trimestre disolvéronse 176 sociedades mercantís, -67 menos que no mes anterior, e -42 menos que no terceiro trimestre do 2017. No relativo ás reducións de capital, producíronse en 56 empresas, número moi similar ao rexistrado tanto no trimestre anterior como no mesmo trimestre do ano pasado. Ademais, rexistráronse cinco procesos de escisión de empresas, nove de fusión e 45 empresas entraron en situación concursal, dato lixeiramente inferior ao do mesmo trimestre de 2017, e inferior case nun 20% respecto do pasado trimestre.

Actividade do Consello Galego de Relacións Laborais

No terceiro trimestre do ano comezou a súa andadura a I Edición do Curso de Formación en Negociación Colectiva e Individual no ámbito laboral, organizado en colaboración coa Universidade de Vigo. Tamén, e en exercicio da súa función promotora do debate social, tivo lugar en Santiago de Compostela o Foro de Debate *“Proposta para unha reforma sobre a lexislación laboral”*, que contou coa participación de representantes da xudicatura, das universidades galegas, da Inspección de Traballo e das organizacións que compoñen o Consello.

No que atinxe ao exercicio da función consultiva sobre normativa laboral, conferida a este Consello pola súa lei reguladora, ao remate do terceiro trimestre do ano viñan de emitirse 30 ditames.

Xa para rematar, o Consello segue a promover e fomentar a negociación colectiva a través do seu procedemento de solución extraxudicial de conflitos (AGA) que rexistrou a entrada de 79 expedientes ao remate deste trimestre, e prosegue o seu traballo a prol da negociación colectiva en diversos sectores e empresas, como sede de comisións paritarias e negociadoras de convenios colectivos.

Máis información sobre a negociación colectiva galega no Boletín da Negociación Colectiva: <https://www.cgri.gal/publicacions-2/negociacion/boletin-do-observatorio-de-negociacion-colectiva/>

Consello Galego de Relacións Laborais

<https://www.cgri.gal/publicacions-2/sociolaboral/boletins/>

Algalia de Abaixo, 24 - 15781 Santiago de Compostela - Teléfono 981 541 601 - Fax 981 541 610

